

Chantada



Concello de Chantada
Concellaría de Turismo

A Vila de Chantada

A vila de Chantada, posúe un casco histórico digno de ser paseado coa súa zona de rúas empedradas e casas brasonadas. A visita pode comezar na Praza do Cantón, que desde a Idade Media goza de mercado tradicional os días cinco e vinte e un de cada mes, presidida pola igrexa de Santa Mariña de fachada neoclásica e a Casa de Lemos, agora disposta para exposicións. É un espazo público antigo e de traza irregular que segue a reunir entre as súas casas con galería as celebracións festivas do pobo durante as patronais de agosto.

Desde aquí compréndese perfectamente a disposición da vila como camiño, pois a rúa principal vai con soporais ata a outra praza de referencia, a de Santa Ana, comercial e moderna, mentres en sentido contrario, descende ata o Asma, onde estaba a vella ponte e o miliario "chantado" que seica puido dar topónimo á vila. Alí comeza o paseo fluvial con muíño e praia en Sangoñedo.

Merece tamén a pena saír ata o cenobio de San Salvador, coñecido como o Convento, para visitar un interior retablo renacentista e contemplar a panorámica do val no que asenta a vila.

Tanto camiño debe ser satisfeito regresando ás calexas con degustación dos viños de uva mencia, tintos e cálidos que animan unha conversa serena. Non só. A castaña e a cereixa son outros manxares con recoñecida sonda cando se comen na temporada.



Recreación da Vendimia
Escultura de Bucínos
Praza de Sta. Ana

CHANTADA "Corazón de Galicia"

Chantada, declarada "Municipio Turístico" e recoñecida popularmente como "Corazón de Galicia", posúe numerosos alicientes para facer da túa estada unha agradable experiencia:

- Abríate coa grandiosidade da Ribeira Sacra.
- Sorpréndete coa ruta do románico.
- Descobre o seu casco antigo e empápate da nosa historia.
- Pasea polas marxes do río Asma nun festín para os sentidos.
- Percorre o "Camiño de Inverno" a Santiago que nos amosa a beleza destas terras.

Natureza, arte, festas, feiras, deporte, aventura, gastronomía... en Chantada todo invita a gozar, iven e coñécenos! tes moito por descubrir...



Parque do Sangoñedo



Casco Histórico



Muíño da Alameda



Casa da Cultura



1. Casa do Concello, Policía Municipal
2. Centro de Información á Muller e Fundación Comarcal.
3. Casa da Cultura, Biblioteca, Oficina de Información Xuvenil, Oficina de Información ó Consumidor e Oficina de Turismo
4. Pavillón Deportivo Municipal
5. Pistas Municipais de Tenis
6. Piscinas Exteriores e Climatizada
7. Campo de Fútbol Sangoñedo
8. Estacionamento Autocaravanas
9. Gasolineiras
10. Igrexa Vella ou de Sta. Mariña
11. Oficina Rehabilitación Casco Antigo
12. Servizo de Medio Ambiente
13. Praza de Abastos
14. Edificio Sedes Sindicais
15. Parada de Taxis
16. Xulgado 17. INEM 18. Correos
19. Protección Civil / GRUMIR
20. Garda Civil
21. Gardería Municipal
22. Escola Parvulario
23. Oficina Agraria Comarcal
24. Casa da Xuventude
25. IES "Lama das Quendas"
26. CEIP "Xoán de Requeixo"
27. Centro de Saúde
28. Estación de Autobuses
29. Mercado Gandeiro
30. Muíña da Alameda
31. IES "Val do Asma" e CEIP "Eloisa Rivadulla"



	Concello de Chantada 982 44 00 11 Praza do Cantón 1
	Rexistro da Propiedade 982 44 03 81 Concepción Arenal 1
	Rexistro Civil de Chantada 982 44 01 11 Praza de Galicia, s/n
	Casa da Cultura 982 44 17 52 Praza do Mercado s/n
	Biblioteca Municipal 982 44 17 52 Praza do Mercado s/n
	Casa da Xuventude 982 44 16 14 Rosalía de Castro 1
	INEM Oficina de Emprego 982 44 03 62 Rúa Ribeira Sacra

	Oficina de Turismo 982 44 17 52 Praza do Mercado s/n
	Oficina de Información ao Consumidor 982 44 17 52 e Oficina de Información Xuvenil Praza do Mercado s/n
	Punto de Información Xuvenil 982 44 16 14 Rosalía de Castro 1
	Policía Municipal 657 06 37 79 Praza do Cantón 1
	Garda Civil 982 44 00 03 Barrio da Santa Mariña
	Protección Civil GRUMIR 607 61 61 59 Avda. de Lugo
	Xulgado de Primeira Instancia 982 44 16 00 Praza de Galicia, s/n

	Centro de Información á Muller 982 46 22 99 Praza do Cantón 11, baixo.
	Centro de Saúde 982 44 18 12 Avenida de Monforte 79 Urxencias PAC 982 44 12 54 Avenida de Monforte 79
	:: FARMACIAS - Méndez Rojo, Ana M. 982 44 09 32 Av. Xoan XXIII 39 - Sampayo Fernández E. A. 982 44 00 06 Calvo Sotelo 1 - Taboada Lorenzo, Carmen/Genoveva 982 44 02 25 Avda. Ourense 17
	Taxis 982 44 05 12 Praza de Galicia, s/n
	Oficina de Correos 982 44 03 62 Avda de Monforte 42



Porta sur da Igrexa de Pesqueiras

Historia e Arte



Na paisaxe chantadina é evidente a diversidade que se manifesta en tres unidades morfolóxicas:

- Ao oeste a "Serra do Faro", auténtico miradoiro natural que abrangue vistas ata os Ancares e o Courel desde a ermida na que o xograr do XIV, Xohán de Requeixo, cantou a pena apaixonada dunha moza en romaría polo seu amado.
- Ao leste o Miño debuxando un encaixado val de fortes pendentes e grandes desniveis, con bancais de viñedo traballados de forma "heroica"-en expresión de Otero Pedrayo- onde se elaboran os caldos recoñecidos coa denominación de orixe "Ribeira Sacra" entre mosteiros de exquisita traza románica con adornos xa renacentistas, xa barrocos que levan a unha devoción antiga nunha paisaxe sacralizada.
- E finalmente, a zona da chaira intermedia por onde discorren unha multitude de ríos e regatos, desde a serra ata o canón, escollida sabiamente para asento da poboación.

Paraxes Naturais



Ribeiras de Nogueira



Fervenza no río Asma



Ribeiras de San Fiz



Retablo S. Salvador de Asma



Cabo do Mundo



Entroido Ribeirao

Os vestixios máis antigos certifican poboados castrexos inmediatos á chegada dos romanos. Pero o momento máis característico é o medieval coa profusión de fundacións monacais. Unha paisaxe orixinal e contrastada con combinación de trazas climáticas atlánticas, propias de Galicia, e mediterráneas, a través dos canóns, deu nunha colonización na que os monxes foron protagonistas deixando unha selecta arquitectura románica en Sta. María de Pesqueiras, Sta. María de Nogueira e Sta. María de Camporramiro, nas mesmas ribeiras, o mencionado San Salvador de Asma, e San Miguel do Monte contra a serra.

Desde estas terras tamén poden ser contempladas outras xoias próximas como Santo Estevo de Ribas de Miño, San Paio de Diomondi e San Martiño da Cova, no Saviñao.

O camiño que desde terras de Lemos descende ata Belesar, onde houbo ponte antiga, ascende despois polas de Chantada nos alcumados "codos" de traza sinuosa e con treitos empedrados. Conserva as pegadas do recuperado "Camiño de Inverno" a Compostela que une unha orientación comercial, levar o viño ata aló, á espiritual, xa que conducía por esta ruta libre de neve aos peregrinos de Santiago.

De época moito máis remota permanece un patrimonio inmaterial no "Cabo do Mundo", en Nogueira, con este topónimo identificando un meandro do Miño que asemella certamente unha península que os devanceiros identificaron como un sitio de contacto entre esta dimensión e o Alén. Non debe estrañar, porque tamén existe un "Pozo Piago" coa mesma función. Para saber deles e do seu significado nada mellor que preguntar aos veciños que gardan celosamente historias remotas como a batalla do rei Ramiro contra os normandos...

O excepcional "Entroido Ribeirao" convoca aos interesados na curiosidade etnográfica e na festa rachada que se conservou a pesar das circunstancias.



Igrexa de Nogueira

Festas, feiras e eventos



Folión de Carros



Festa da Sidra



Subida a Chantada



Feira do Viño

- **Entroido ribeirao:** comeza a celebrarse dous domingos antes do de Entroido.
- **Subida automobilística:** en xullo. Campionato de España de Montaña.
- **Festas Patronais:** a derradeira fin de semana de agosto na honra á Nosa Señora do Carme. Inclúe o "Folión de Carros", declarado de Interese Turístico cun desfile de carrozas tiradas por xugadas de vacas con representación de oficios e escenas tradicionais, e a "festa da empanada".
- **Romaría da Nosa Señora do Faro:** o 15 de agosto e o 8 de setembro.
- **Romaría do San Lucas:** o 18 de outubro no Castro de San Amaro.
- **Feiras:** os días 5 e 21 de cada mes.
- **Feira do viño:** no mes de marzo.
- **Feira da sidra:** no mes de abril.
- **Concurso de gando frisón:** no mes de outubro
- **Feira de agricultura e gandeiría sustentable (ECOSUS):** mes de outubro
- **Castañazo Rock:** novembro



Concello de Chantada
Concellaría de Turismo

